

A nosa ref: T23/Varios Persoal.

Asunto: Proceso selectivo convocatoria Concurso para a selección dun técnico de Orientación Laboral interino e para a creación de relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de orientación laboral.

Expediente: 2020/E001/000005

RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS

Vista a Providencia desta Concellería do pasado 09 de outubro de 2020 pola que se solicita a emisión de informe e a elaboración, no seu caso, das Bases do proceso de selección dun técnico de orientación laboral interino

Visto o informe- proposta e Bases elaborado polo xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior de data 13 de outubro de 2020 e con conforme de Intervención.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, **RESOLVO:**

Primeiro .- Convocar proceso para a selección dun técnico de orientación laboral interino para a execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada, de conformidade co artigo 23.2 c) da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

Segundo.- Aprobar as Bases reguladoras desta convocatoria que a continuación se indican:

BASES DA CONVOCATORIA DE CONCURSO PARA A SELECCIÓN DUN TÉCNICO DE ORIENTACIÓN LABORAL INTERINO E ELABORACIÓN DUNHA RELACIÓN DE CANDIDATOS PARA NOMEAMENTOS DE TÉCNICOS DE ORIENTACIÓN LABORAL INTERINOS.

PRIMEIRA .- Obxecto da Convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a selección polo procedemento de concurso dun técnico de orientación laboral interino, encadrado na escala de administración especial, subescala técnica, clase técnicos medios, pertencente ao grupo "A", subgrupo "A2", adscrito á Axencia de Desenvolvemento Local para a execución dun programa de carácter temporal e de duración determinada de conformidade co artigo 23.2c) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, e a creación dunha relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de orientación laboral interinos consonte principalmente ás disposicións contidas nos seguintes textos normativos:

- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réximen local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios da Administración Local.
- Orde do Ministerio de Administracións Públicas, APU/1461/2020, de 6 de xuño de 2020, pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino.

O programa de carácter temporal e de duración determinada consistirá no mantemento do servizo de orientación laboral durante a vixencia da subvención concedida por resolución da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 26 de xuño de 2020 para o mantemento do dito servizo.

SEGUNDA .- Sistema de selección

Concurso.

TERCEIRA.- Requisitos das persoas aspirantes

Para ser admitidos neste proceso selectivo, os aspirantes terán que reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español ou ter a nacionalidade dun Estado membro da Unión Europea, ou de calquera outro Estado nos termos previstos no Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título de licenciado ou graduado universitario, arquitecto, enxeñeiro, diplomado universitario, enxeñeiro ou arquitecto técnico, ou estar en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- d) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das tarefas do posto.
- e) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas, nin atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.

Todos os requisitos anteriores deberán cumprirse con referencia ao último día do prazo de presentación das solicitudes.

CUARTA.- Presentación de solicitudes

As solicitudes presentaranse no rexistro electrónico xeral deste Concello no prazo de 4 días hábiles contado a partir do seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria nun dos xornais de principal difusión da provincia. Así mesmo o anuncio será publicado igualmente, xunto coas Bases desta convocatoria, na páxina web do Concello de Cambre: www.cambre.es, e nos taboleiros de anuncios municipais.

As solicitudes poderanse remitir tamén na forma determinada no artigo 16-4 e 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas que desexen tomar parte no proceso de selección deberán facelo constar en solicitude dirixida ao alcalde do Concello de Cambre, na que farán constar que reúnen todos os requisitos sinalados na base terceira anterior, e á



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

que deberán unir os documentos acreditativos dos méritos que aleguen.

Se a solicitude se presenta de maneira presencial no rexistro municipal, os documentos acreditativos dos méritos deberán presentarse en orixinal ou copia compulsada para a súa dixitalización, de conformidade co artigo 16-5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Igualmente teranse que presentar en orixinal ou copia compulsada os documentos que se presenten de maneira presencial, a través das outras oficinas relacionadas co artigo 16-4 da Lei 39/2015 indicada, ben para a súa dixitalización ou ben para a súa directa remisión se carecen de rexistro electrónico.

As persoas aspirantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.

Os aspirantes que presenten os documentos acreditativos dos méritos que aleguen a través de sede electrónica e non de maneira presencial serán requiridos polo tribunal cualificador para a presentación dos documentos orixinais ou copias compulsadas dos mesmos antes da elaboración da relación de aprobados ou aspirantes propostos para o nomeamento e da confección da relación de candidatos para nomeamentos interinos se puidesen atoparse nas mesmas, para a debida acreditación dos méritos valorados.

Co obxecto de coñecer a presentación das instancias noutros rexistros ou en Correos e poder realizar o seu seguemento, nestes supostos, as persoas solicitantes deberán comunicalo durante o mesmo prazo de presentación de instancias, remitindo copia escaneada da solicitude presentada e xa rexistrada, ao correo electrónico interior@cambre.org indicando como asunto: PERSOAL/outros rexistros-correos.

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude:

- Fotocopia do D.N.I.
- Xustificante de ter efectuado o pagamento dos dereitos de inscrición directamente na Tesourería municipal ou por xiro postal ou telegráfico.
- Fotocopia da titulación esixida na base 4.3
- Relación dos méritos que aleguen e xustificación documental dos mesmos para a súa valoración debidamente ordenados.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se aprobará a lista provisional de admitidos/excluídos que será publicada nos taboleiros de edictos deste Concello e na páxina web municipal, concedendo o prazo de dous días para reclamacións. As ditas reclamacións, se as houbese, resolveranse polo mesmo órgano que aprobou a lista provisional a través de resolución pola que se aprobará a lista definitiva; se non houbese reclamacións, a anterior lista será considerada definitiva. Esta resolución publicarase igualmente nos taboleiros de edictos do Concello e na páxina web municipal.

As persoas aspirantes cunha discapacidade igual ou superior ao 33% deberán facelo constar na solicitude a fin de ter en conta a previsión para adaptacións de tempo e medios procedentes para garantir a igualdade de oportunidades cos restantes participantes na fase de entrevista. Para iso achegarase xunto coa solicitude certificación da Consellería competente en materia de política social ou órganos competentes doutras Administracións Públicas que acredite discapacidade igual ou superior ao 33% e se procede, por adaptación de tempos, ditame técnico facultativo.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

QUINTA.- Dereitos de inscrición

Ascenden a corenta (40) euros, segundo o establecido na ordenanza fiscal número 6 reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos cunha redución do 50% para os aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data desta convocatoria.

O ingreso realizarase na Tesourería Municipal directamente, ou ben a través de xiro postal ou telegráfico dirixido á mesma.

SEXTA.- Desenvolvemento do concurso

Os aspirantes achegarán conxuntamente coa instancia para tomar parte no proceso selectivo unha relación dos méritos que aleguen, acompañando os documentos xustificativos dos mesmos, xa que non se tomarán en conta nin serán valorados aqueles que non queden acreditados dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Os méritos que se valorarán tendo como base o baremo recollido na Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico de orientación laboral no exercicio 2020 (DOG núm. 14 do 22 de xaneiro de 2020), e a súa correspondente puntuación, serán os seguintes:

a) Experiencia Profesional: (ata un máximo de 5 puntos).

Por cada mes completo ou por cada suma de 140 horas realizando tarefas técnicas:

- Directamente relacionadas co posto ofertado: técnicos de orientación laboral/profesional: 0'1 ata un máximo de 5 puntos.
- Indirectamente relacionados co posto de traballo: técnicos de inserción laboral, axentes de emprego e desenvolvemento local, etc.: 0'05 puntos ata un máximo de 3 puntos.

Para xustificar a experiencia laboral, deberán presentar o informe de vida laboral actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social, xunto coa documentación acreditativa que especifique o posto de traballo ou funcións desenvolvidas (nóminas, contratos, certificación da empresa, etc.). No caso de traballo por conta propia, ademais do informe de vida laboral deberán presentar a alta no IAE e facturas nas que consten os servizos prestados, contrato de servizos ou documentación acreditativa.

Para os efectos de valoración da experiencia profesional por meses completos e non por horas unicamente se valorarán os meses nos que se xustifique un mínimo de 35 horas semanais, en calquera das distintas actividades.

Só se terá en conta para a baremación os días cotizados á Seguridade Social reflectidos no informe de vida laboral.

b) Formación: (ata un máximo de 3,5 puntos)

Os másters, cursos en materias relacionadas coas tarefas do posto de traballo e impartidos por administracións públicas ou organismos dependentes delas, organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades valoraranse con 0,005 puntos por cada hora formativa. Neste apartado non se valorarán os cursos relacionados coa informática.

A asistencia a xornadas, simposios, conferencias ou congresos non serán obxecto de puntuación. Os cursos ou



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

másters nos que non se indiquen as horas non se valorarán. No caso dos títulos nos que veñan recoñecidos con créditos e non se indique a correspondencia en horas deberase presentar documentación acreditativa do valor dos mesmos para poder ser valorados.

c) Coñecementos informáticos: (ata un máximo de 2 puntos)

Coñecementos ofimáticos debidamente acreditados mediante achega de títulos, diplomas e/ou certificacións académicas emitidos por administracións públicas ou organismos dependentes delas, organizacións empresariais, sindicais, profesionais ou universidades.

- Pola titulación universitaria de enxeñería informática, tecnoloxías da información ou telecomunicacións, titulación oficial de técnico/a superior relacionada coa familia informática e comunicacións: ata un máximo de 1 punto.
- Por cursos acreditados sobre sistemas operativos, programas informáticos, programas de deseño e navegadores web, xestión de redes sociais ou espazos web para a publicación de contidos (blogs, wikis...): 0,005 puntos por hora de formación ata un máximo de 1 punto.

d) Coñecemento do Galego: (ata un máximo de 0,50 puntos)

- Certificado de aptitude de lingua galega oral ou Celga 1: 0,10 puntos.
- Celga 2: 0,20 puntos.
- Curso de iniciación ou Celga 3: 0,3 puntos
- Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,5 puntos.

A puntuación máxima por coñecemento do galego será de 0,5 puntos. Soamente se valorará o de maior puntuación.

Unha vez realizada a valoración de méritos, o seu resultado expoñerase nos taboleiros de anuncios municipais e na páxina web do Concello de Cambre www.cambre.es. Neste anuncio indicárase igualmente o lugar, día e hora no que terá lugar a entrevista curricular.

ENTREVISTA CURRICULAR

A entrevista realizarase para valorar a adecuación do aspirante polo seu currículo e experiencia profesional aos requerimentos específicos do posto convocado, e será realizada aos cinco (5) aspirantes con maior puntuación obtida na valoración dos méritos relacionados neste apartado. Se houberse empate, a entrevista será realizada a todos os que teñan a mesma puntuación aínda que se supere o número de cinco.

A puntuación máxima a outorgar nesta entrevista será de 3 puntos.

Os aspirantes serán convocados para esta entrevista en chamamento único, sendo excluídos da mesma os que non comparecesen, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas e discrecionalmente apreciados polo tribunal. As razóns ou probas xustificativas da ausencia formularanse e, de ser o caso, presentaranse dentro das 24 horas seguintes á celebración desta entrevista.

Os aspirantes deberán acreditar a súa identidade coa exhibición do documento nacional de identidade no momento de realizar o chamamento.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SÉTIMA.- Cualificación do concurso

O número de puntos que poderá ser outorgado por cada membro do tribunal na entrevista curricular será de 0 a 3. A cualificación desta entrevista adoptarase sumando as puntuacións outorgadas polos distintos membros do tribunal e dividindo o total polo número de asistentes de aquel, sendo o cociente a cualificación obtida.

A cualificación final do concurso virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de valoración de méritos e na entrevista curricular.

OITAVA.- Tribunal cualificador

O tribunal cualificador terá a seguinte composición:

- **Presidenta:** Ana María Portela Torrón, responsable da Axencia de Desenvolvemento Local ou na súa substitución Ana María Monje Barcia, coordinadora de Servizos Sociais.

- **Secretaria:** María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral do Concello ou na súa substitución, Verónica María Otero López, técnica de xestión de administración xeral.

- **Vogais:**

- . Sonia Machín Herranz, axente de desenvolvemento local, ou na súa substitución Romina Galán Iglesias, traballadora social.
- . Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, ou na súa substitución Fernando Manuel Garrido Negreira, técnico de administración xeral.
- Ricardo Puertas Mosquera, educador social, ou na súa substitución Ana Paula Suárez Villaverde, educadora social.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen presenza, cando menos, da metade máis un dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente. En todo caso requírese a asistencia da presidenta e da secretaria ou dos que legalmente os substitúan.

Os membros do Tribunal están suxeitos ao disposto nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público sobre causas de abstención e recusación, e aos dereitos por indemnización por asistencia do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio.

NOVENA.- Relación de aspirantes propostos para o nomeamento

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal publicará nos taboleiros de edictos municipais e na páxina web municipal a designación do aspirante proposto para o nomeamento. Dado que en ningún caso o número de aspirantes proposto pode exceder o número de prazas convocadas, a relación definitiva de aspirantes propostos confeccionarase co aspirante que obteña a maior puntuación.

O tribunal elevará a citada relación ao órgano competente para o nomeamento correspondente.

Antes de elevarse a proposta de nomeamento ao órgano competente, remitirase esta proposta á Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, achegando o seu currículo ou documentación acreditativa dos méritos alegados, aos efectos de que aquela proceda a examinalo e valoralo segundo o establecido no artigo 12 da orde do 17 de decembro de 2019 (DOG num.14 do 22/01/2020) pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (código de procedemento TR331A) e obter o seu visto e prace. Sen este



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

requisito non se poderá nomear á persoa aprobada.

DÉCIMA.- Relación de candidatos para nomeamentos de técnicos de orientación laboral

A listaxe coa totalidade dos admitidos ao concurso e coa puntuación acadada no conxunto do mesmo quedará para poder ser utilizada como reserva para nomeamentos de técnicos de orientación laboral interinos e será publicada xunto coa relación definitiva de aspirantes propostos para o nomeamento.

Esta listaxe confeccionada por orde de puntuación de maior a menor poderá ser utilizada, respectando sempre a orde de puntuación, ata que se confeccione unha nova lista, tendo en todo caso unha duración máxima de cinco anos contados a partir da publicación do aspirante proposto para o nomeamento neste proceso selectivo.

No caso de empate terá prioridade aquel aspirante que tivese máis puntos no apartado de experiencia profesional. De persistir o dito empate terá prioridade o aspirante de maior idade sobre o de menor idade.

Cando un dos aspirantes incluídos na listaxe fose chamado para ocupar un posto, ao rematar o período de servizo recuperará o seu lugar inicial na mesma, de xeito que pode ser chamado para un novo nomeamento.

O aspirante chamado para o servizo deberá presentar os documentos que se relacionan na base seguinte no prazo de 3 días contados a partir do chamamento.

Se dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presentase a súa documentación ou non acadase os requisitos esixidos, non poderá ser nomeado, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidese incurrir por falsidade na súa solicitude para participar no proceso selectivo.

Os chamamentos das persoas aspirantes realizaranse mediante chamada telefónica e correo electrónico simultaneamente, ou SMS entre as 8:00 e as 15:00 horas. O funcionario que os efectúe fará constar mediante dilixencia a súa realización e se tivo ou non resposta, dando un prazo como mínimo de 24 horas para aceptar ou renunciar. A falta de resposta no prazo indicado suporá o chamamento ao seguinte candidato.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Presentación de documentos e nomeamento

No prazo de 3 días contados desde o día seguinte ao da publicación da designación do aspirante proposto nos taboleiros de edictos municipais e na páxina web municipal, este deberá presentar no rexistro xeral do Concello os documentos que seguidamente se relacionan:

- a) Fotocopia do seu documento nacional de identidade, que se deberá presentar co orixinal para compulsar.
- b) Fotocopia do título esixido que se debe acompañar co seu orixinal para ser debidamente compulsado, ou, no seu defecto, o xustificante de ter pagado os dereitos para a súa expedición xunto co certificado académico. Se estes documentos estivesen expedidos despois da data de remate do prazo de presentación das solicitudes de admisión ao proceso selectivo deberán xustificar debidamente o momento de remate dos estudos correspondentes.
- c) Declaración xurada de que non foi separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse inhabilitado para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- d) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

- e) Certificación oficial acreditativa de posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Os aspirantes que fagan valer a súa condición de persoas con discapacidade deberán presentar certificado dos órganos competentes do Ministerio de Traballo e Seguridade Social que acredite tal condición e igualmente deberán presentar certificado dos citados órganos ou da administración sanitaria acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Os aspirantes propostos que dentro do prazo sinalado, e salvo casos de forza maior, non presenten a súa documentación ou non reúnan os requisitos esixidos non poderán ser nomeados, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade na que puidesen incorrer por falsidade na súa instancia solicitando participar no proceso selectivo.

DÉCIMO SEGUNDA.- Nomeamento e toma de posesión

O aspirante proposto que presente a documentación preceptiva será nomeado funcionario interino polo presidente da Corporación ou, no seu caso, concelleiro delegado, e deberá tomar posesión no prazo de dous días contado desde o día seguinte ao que se lle notifique o citado nomeamento. Quedará en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

DÉCIMO TERCEIRA.- Incidencias

O Tribunal Cualificador queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar os acordos necesarios para a boa orde do proceso e desenvolvemento do concurso en todo o non previsto nestas bases.

DÉCIMO CUARTA.- Impugnación

Os interesados poderán impugnar a presente convocatoria e as súas bases potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que as aprobase ou directamente ante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade cos artigos 112 e 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto, de conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 indicada.

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación deste acto e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa); todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

DÉCIMO QUINTA.- Protección de datos de carácter persoal.

As persoas aspirantes, mediante a participación no referido proceso, dan o seu consentimento para que a Administración actuante proceda ao tratamento dos seus datos de carácter persoal para o correcto desenvolvemento do proceso selectivo, conforme a LOPD 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

dereitos dixitais e a súa normativa de desenvolvemento. Os datos serán incorporados a un ficheiro de titularidade do Concello de Cambre, autorizando ao tratamento dos mesmos, para a súa utilización en relación co desenvolvemento do proceso selectivo.

Poderanse exercitar os dereitos de acceso, rectificación ou cancelación enviando unha solicitude por escrito, acompañada de fotocopia do DNI, dirixida ao Concello de Cambre.

A concelleira delegada

María Dolores Pan Lesta

Dou fe

A secretaria xeral

María Luisa de la Red Ampudia.